

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE ENTIDADES SOCIAS
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

**Celebrada no Salón de Actos do Centro Cultural Marcos Valcárcel (Rúa
do Progreso, 30. Ourense)**

26 de marzo de 2025

Hora de inicio: 11:08h

ASISTENTES:

Concello da Laracha	Rocío López Rey
Concello das Neves	J. Manuel Alfonso González
Concello de Abegondo	Alberto Seoane Brandariz
Concello de Ames	Leonardo Pena Couceiro
Concello de Allariz	Tania Álvarez Ayán
Concello de Arteixo	Inés Ramos Álvarez
Concello de Baños de Molgas	Manuel Ángel Fernández Movilla
Concello de Bergondo	Alejandra Pérez Márquez
Concello de Boiro	Raúl Romero Treus
Concello de Burela	Mario Pillado Mon
Concello de Cambados	Regina Núñez Mosteiro
Concello de Cartelle	Daniel Fernández Carril
Concello de Covelo	Lourdes Emes
Concello de Lugo	Olga López Racamonde
Concello de Malpica de Bergantiños	Noelia Freigeiro Novo
Concello de Moaña	María Sanluis Ferradás
Concello de Monforte de Lemos	Gloria Prada Rodríguez
Concello de Nigrán	Juan Antonio González Pérez
Concello de Ourense	Anibal Pereira Novoa
Concello de Pantón	María Cristina Domínguez

Concello de Pantón	José Luís Álvarez Blanco
Concello de Pontedeume	Marián Castro Díaz
Concello de Pontedeume	Rosario Huertas
Concello de Rianxo	Uxía Cespón Ordóñez
Concello de Rianxo	Julio Alcalde Hermo
Concello de Salceda de Caselas	Loli Castiñeira
Concello de San Cibrao de Viñas	Ana María Moreiras Vázquez
Concello de San Sadurniño	Araceli Bellas Castro
Concello de San Sadurniño	Secundino García Casal
Concello de Silleda	Sara Blanco Gil
Concello de Sober	Luis Fernández Guitián
Concello de Tomiño	Rubén García Filgueiras
Concello de Vedra	Carlos Martínez Carrillo
Concello de Viana do Bolo	Marcos Martínez
Concello de Vilar de Santos	Rubén Colmenero Ferreiro
Concello de Xinzo de Limia	Ángeles Martínez
Concello do Barco de Valdeorras	Orlando Saavedra Cantillana
Concello do Rosal	Ánxela Fernández Callís
Deputación da Coruña	Rosa Ana García López
Deputación da Coruña	José Manuel Sambah Mato
Deputación de Lugo	Francisco Cajoto Caserío
Deputación de Ourense	Luis Menor

ASISTENTES CON VOZ E SEN VOTO

Cámara municipal do Tarrafal	José dos Reis
Cámara municipal do Tarrafal	Osvaldo Chantre
Concello de Chandrexa de Queixa	Juan Gil Martínez
Concello de Paderne	Manuel Pérez Nóvoa

Concello do Pereiro de Aguiar	Manuel Doval Soto
Consello Climático Xuvenil de Teo	María Blanco Iglesias
Consello Climático Xuvenil de Teo	Montse Mayo Martínez

Escusan asistencia: Concello da Cañiza, Concello de Barreiros, Concello de Cuntis, Concello de Ferrol, Concello de Gondomar, Concello de Oleiros e Concello de Oourol.

Non asisten: Concello da Coruña, Concello da Estrada, Concello da Guarda, Concello da Pastoriza, Concello da Pobra de Trives, Concello da Pobra do Brollón, Concello da Pobra do Caramiñal, Concello das Pontes, Concello de Alfoz, Concello de Barro, Concello de Betanzos, Concello de Brión, Concello de Bueu, Concello de Cabana de Bergantiños, Concello de Cabanas, Concello de Caldas de Reis, Concello de Cambre, Concello de Cangas, Concello de Carballo, Concello de Cariño, Concello de Carral, Concello de Castrelo de Miño, Concello de Castroverde, Concello de Cedeira, Concello de Corcubión, Concello de Coristanco, Concello de Culleredo, Concello de Fene, Concello de Guitiriz, Concello de Laxe, Concello de Lousame, Concello de Manzaneda, Concello de Miño, Concello de Moeche, Concello de Monfero, Concello de Montederramo, Concello de Moraña, Concello de Mugardos, Concello de Muros, Concello de Narón, Concello de Noia, Concello de Oímbra, Concello de Outes, Concello de Poio, Concello de Pontearreas, Concello de Pontecesures, Concello de Pontevedra, Concello de Porto do Son, Concello de Ramirás, Concello de Redondela, Concello de Ribeira, Concello de Rodeiro, Concello de Sada, Concello de Sandiás, Concello de Santiago de Compostela, Concello de Sarria, Concello de Silleda, Concello de Soutomaior, Concello de Teo, Concello de Tui, Concello de Triacastela, Concello de Valga, Concello de Vereia, Concello de Verín, Concello de Viana do Bolo, Concello de Vilagarcía de Arousa, Concello de Vilar de Santos, Concello de Vilardevós, Concello de Vilasantar, Concello de Viveiro, Concello de Xove, Concello do Bolo, Concello do Incio, Concello do Irixo, Concello do Porriño, Concello do Valadouro e Deputación de Pontevedra.

Antes de dar inicio aos puntos da orde do día, Juan González, o presidente da entidade, dá a benvida ás persoas que o acompañan na mesa:

- Luís Menor, presidente da Deputación de Ourense.
- José Manuel Alfonso, Alcalde das Neves e Tesoureiro do Fondo Galego.
- José dos Reis, presidente da Cámara municipal do Tarrafal (Cabo Verde)
- Excusa asistencia de María Muíño, Concelleira de San Sadurniño e Secretaria do Fondo Galego.

Juan González agradece ao Concello de Ourense e especialmente á Deputación de Ourense por acoller a Asemblea na súa cidade.

Toma a palabra Luís Menor para indicar que, coa adhesión da Deputación de Ourense ao Fondo Galego estase reparando unha eiva e amosan o que é o pobo de Ourense, un pobo de acollida e solidariedade. Así mesmo, facendo alusión ao punto tres da orde do día, sobre a adhesión do Fondo Galego á Unión de Cidade Capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA), dá os parabéns e confirma o seu acordo, por tratarse dunha iniciativa que aglutina o carácter solidario coa promoción da lingua galega e portuguesa.

Tras estas palabras de benvida procédese a tratar os diversos puntos da orde do día:

1. Aprobación da acta anterior.

Juan González comenta que, tras o envío por correo electrónico da acta correspondente á Asemblea Xeral do 11/04/2024 nos días seguintes á celebración de dita reunión, por se houbera que incluír algún cambio, non se recibiu ningunha comunicación ao respecto. Así mesmo, a acta volveu ser enviada coa convocatoria da presente reunión, sen recibir achegas novamente.

Tras preguntar se existe algunha cuestión que comentar sobre a mesma, a acta queda aprobada por unanimidade.

2. Ratificación das altas na asociación.

Infórmase de que o Fondo Galego pechou o ano 2024 sen cursar ningunha baixa.

No entanto, rexistrou once altas na asociación desde a pasada Asemblea, das que se dá conta:

- Concello de Coristanco, aprobaron a adhesión no Pleno do 1/04/2024.
- Concello de Xinzo de Limia, aprobaron a adhesión por acordo da Xunta de Goberno Local do 9/05/2024
- Concello de Salceda de Caselas, aprobaron a adhesión no Pleno do 25/04/2024.
- Concello de Vedra, aprobaron a adhesión por Decreto de alcaldía con data do 6/06/2024.
- Concello da Pobra do Brollón, aprobaron a adhesión no Pleno do 18/12/2023.
- Concello do Bolo, aprobaron a adhesión por Decreto de alcaldía con data do 25/06/2024.
- Concello de Oural, aprobaron a adhesión por Decreto de alcaldía con data do 28/06/2024.
- Deputación Ourense, aprobaron a adhesión no Pleno do 25/10/2024.
- Concello do Incio, aprobaron a adhesión no Pleno do 5/10/2024.
- Concello de Cedeira, aprobaron a adhesión no Pleno do 28/11/2024.
- Concello de Trabada, aprobaron a adhesión por Decreto de alcaldía do 12/03/2025

Procédese a ratificar estas altas na asociación e dáse a benvida a todos os concellos que se veñen a sumar ao Fondo Galego, así como á Deputación de Ourense, que vén a completar o apoio de todas as Deputacións Provinciais.

Sumando estas novas adhesión, o Fondo Galego conta na actualidade con 119 entidades socias e coa esperanza de continuar medrando ao longo desta anualidade.

Destácase que, para conseguir este obxectivo é fundamental a implicación que poidamos ter desde os concellos e deputacións socias. Neste sentido, o presidente agradece de antemán que os concellos socios poidan trasladar aos concellos da súa contorna o convite para unirse ao Fondo Galego.

3. Aprobación, se procede, da adhesión á asociación Unión de Cidades Capitais de Lingua Portuguesa, en calidade de entidade apoiante.

A Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa, a UCCLA, é unha asociación intermunicipal, sen ánimo de lucro, de carácter internacional, creada en 1985. Esta rede está integrada por 67 cidades -que poden ser membros efectivos, asociados ou observadores- espalladas polos catro continentes, máis 24 empresas apoiantes.

Ao longo de case 40 anos, a UCCLA contribuíu a fortalecer os lazos de colaboración entre estas cidades, fomentando o seu desenvolvemento económico, social e cultural e estimulando a solidariedade entre elas a través da cooperación e o intercambio. Entre os seus ámbitos de actuación, podemos citar: saúde, educación, infraestruturas, saneamento ou formación.

Juan González sinala que o Fondo Galego foi convidado a formar parte desta asociación, que sen dúbida lle permitirá participar de novas actividades e oportunidades de continuar construíndo lazos cos países de lingua oficial portuguesa. En canto ás súas obrigas se atoparía a de facer o pago da cota anual, que ascende a 4.000€ ao ano.

Estatutariamente correspóndelle á Asemblea adoptar a decisión de adhesión ou non a outras entidades.

Tras consulta coas entidades participantes queda aprobada a adhesión á UCCLA por unanimidade.

4. Aprobación, se procede da memoria de actividades e balance económico do ano 2024.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade vén de pechar a primeira anualidade do mandato 2024-2027.

A memoria de actividade é entregada en físico na Asemblea e será enviada tamén por correo postal ás entidades que non están presentes. Nela pódese consultar con máis detalle as accións máis destacadas da pasada anualidade.

O presidente fai un breve resumo das principais actividades que marcaron o ano 2024:

- Impulsamos seis proxectos en Cabo Verde, Guinea Bissau, Mozambique e nos Territorios Palestinos.
- Aquí en Galicia desenvolvéronse máis de sesenta actividades de sensibilización en diferentes administracións locais.
- Destacamos o Encontro Internacionais de Mulleres Electas 'As Elixidas', que reuniu a 80 lideresas do ámbito local co obxectivo de reivindicar o dereito, a necesidade e a importancia da participación das mulleres nos gobernos locais.
- Por último, cómpre destacar a recta final do proxecto People & Planet tras catro anos de actividades para concienciar sobre a necesidade do coidado ambiental.

Estas e outras moitas actividades foron posibles grazas ao traballo man a man con diversas entidades e institucións, así como á colaboración da Xunta de Galicia, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento ou o programa DEAR da UE.

Tras dirixirse á Asemblea por posibles dúbidas ou comentarios, procédese á aprobación da memoria de actividades 2024 por unanimidade.

A continuación dáse a palabra a María Blanco e Montse Mayo, integrantes do Consello Climático Asesor Xuvenil do Concello de Teo, impulsado a través do proxecto People and Planet durante os últimos catro anos. Fan unha breve presentación dos obxectivos e actividades que traballaron a través do proxecto nos últimos catro anos.

Toma a palabra a continuación José Manuel Alfonso, tesoureiro, para presentar o balance económico 2024. Informa de que tanto o balance de situación como a conta de resultados foron enviados por email a todos os socios xunto co resto da documentación a tratar na Asemblea.

Comeza analizando os datos que aparecen na memoria de actividades que foi entregada e que é un bo resumo do 2024 en materia económica:

INGRESOS 2024: 460.910,33 €. Destacamos as subvencións de:

- Xunta de Galicia: 60.000,00 €
- Comisión Europea: 71.537,67 €
- Concello de Nigrán: 24.000,00 €
- AECID: 29.813,51 €
- Concello da Coruña: 20.022,79 €
- Deputación da Coruña: 14.665,00 €

- Concello de Narón: 11.000,00 €
- Fegamp: 2.500,00 €
- Concello de Noia: 1.500,00 €

GASTOS 2024: 438.594,03 €

- 47,95% proxectos e actividades de cooperación internacional ao desenvolvemento.
- 34,55% actividades de sensibilización, educación para a cidadanía global, formación e comunicación.
- 14,84% funcionamento.
- 2,55% actividades de fortalecemento da asociación e relacións institucionais.
- 0,12% imprevistos.

SUPERÁVIT 2024: 22.316,30 €

O superávit débese, fundamentalmente, á suma de dous factores:

- a) subvencións recibidas no último trimestre do ano
- b) proxectos que continúan coa súa execución nos primeiros meses do 2025.

Os detalles relativos ao balance de situación e conta de resultados entregados coa documentación dan fe desta análise. (Ver adxunto).

A modo de conclusión, dá fe da estabilidade económica da asociación, así mesmo, informa de que toda a documentación relativa á contabilidade está dispoñible na oficina técnica e que todas as entidades socias poden acceder a ela, simplemente poñéndose en contacto co persoal técnico da asociación. Así mesmo, para visibilizar a transparencia da asociación, o balance de situación e a conta de resultados estarán dispoñibles na páxina web do Fondo Galego tras a súa aprobación por parte da Asemblea.

Por último, prega a aqueles concellos que teñen pendente o pago dalgunha cota de anualidades anteriores, que proceda ao seu pago á maior brevidade para non prexudicar ás actividades e proxectos da asociación.

Ao finalizar, González diríxese á Asemblea para preguntar se hai algunha dúbida, pregunta ou oposición. Non habendo ningunha intervención, dáse por aprobadas o balance de situación e a conta de resultados 2024 por unanimidade.

5. Aprobación, se procede, do plan de actividades e orzamento para o ano 2025.

O plan de actividades 2025 sigue unha liña continuísta ao respecto dos plans anteriores. Destácanse as seguintes actividades:

- Cursos presenciais dirixidos a representantes da administración local. Tras consulta nas reunións presenciais levadas a cabo no mes de febreiro, serán realizadas catro formacións presenciais, unha por provincia, sobre xestión da axuda humanitaria realizada desde as administracións locais. Tamén será posto en marcha un curso online sobre compra pública ética.
- Captación.
- Cooperación ao desenvolvemento en Guinea Bissau, a través do abastecemento de auga potable, a construción dunha escola e o apoio ao reforzo dos centros de saúde materno infantís. En Mozambique, seguiremos traballando no apoio á infancia máis vulnerable do sur da provincia de Maputo, así como no fortalecemento institucional de dous municipios mozambicanos na área de finanzas municipais. No Sáhara está xa en marcha un proxecto de reconstrución dunha vivenda afectada pola riada do pasado mes de outubro. Tamén continuaremos apoiando o proceso de desenvolvemento económico local do municipio do Tarrafal, en Cabo Verde, do que nos falará o seu presidente.

Así mesmo, en canto ás actividades de sensibilización, o presidente presenta a proposta de adxudicación para sometela á aprobación da Asemblea. Indica que foron priorizados os concellos de recente adhesión e aqueles que recibiron menos actividades nos últimos anos, ademais de buscar un equilibrio por provincias e partidos.

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN

A TETEIRA DE KABUL. Teatro de monicreques sobre as persoas refuxiadas: 12 concellos

- A Pobra do Caramiñal (A Coruña)
- Caldas de Reis (Pontevedra)
- Coristanco (A Coruña)
- Gondomar (Pontevedra)
- Lugo (Lugo)
- Malpica (A Coruña)
- Moraña (Pontevedra)
- Pontearreas (Pontevedra)
- Pontevedra (Pontevedra)
- Salceda de Caselas (Pontevedra)
- Sober (Lugo)
- Vedra (A Coruña)

OLLADAS DO SUR. Cinema en curto desde a África lusófona: 10 concellos

- A Laracha (A Coruña)
- Bergondo (A Coruña)
- Burela (Lugo)
- Cabana de Bergantiños (A Coruña)
- Cabanas (A Coruña)
- Cangas (Pontevedra)
- Carral (A Coruña)
- Corcubión (A Coruña)
- Miño (A Coruña)
- Pontedeume (A Coruña)

QUE RAI O FAI O MEU CONCELLO EN ÁFRICA?? Coloquio con participantes nas misións internacionais: 5 concellos

- Ames (A Coruña)
- Cambados (Pontevedra)
- Mugaros (A Coruña)
- Poio (Pontevedra)
- Trabada (Lugo)

VISITA AO NORTE. A voz resiliente das mulleres palestinas: 10 concellos

- Abegondo (A Coruña)
- A Pobra de Trives (Ourense)
- Allariz (Ourense)
- Boiro (A Coruña)
- Culleredo (A Coruña)
- Monforte de Lemos (Lugo)
- Muros (A Coruña)
- Santiago de Compostela (A Coruña)
- Silleda (Pontevedra)
- Soutomaior (Pontevedra)

Toma a palabra José Manuel Alfonso, que presenta o orzamento. En canto aos ingresos, que ascenderían a 539.106,38 €, comenta que:

- No orzamento constan as cotas que lle corresponderían as entidades socias. Suman un total de 253.251,05€. Informa de que serán enviadas durante o próximo mes, polo que agradece de antemán o seu pago o antes posible.

- Previsiblemente contarase coas subvencións da Xunta de Galicia, programa DEAR da Unión Europea, da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento, a FEGAMP e os concellos de Narón, Nigrán e Coruña.

En canto aos gastos, destaca:

- O 58,45% irá destinado a proxectos de cooperación ao desenvolvemento e axuda humanitaria.
- O 15,29% será destinado a actividades de sensibilización e comunicación.
- O 23,35% a gastos de funcionamento.
- E o 2,04% á área de fortalecemento e acción institucional.

Informa que na documentación achegada aparecen todos os gastos desagregados por área e actividade, por se houberse algunha dúbida.

Tras consulta á Asemblea, procédese á aprobación do Plan de actividades e orzamento 2025.

Axúntase nesta acta o plan de actividades detallado e orzamento 2025.

6. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de proxectos para ONGD.

Toma a palabra Andrea García, técnica da entidade, para comentar este punto. Indica que cada dous anos o Fondo Galego lanza unhas bases para o apoio de proxectos de cooperación internacional a través das ONGD. Se ben as bases son moi semellantes á pasada convocatoria, presentan unha serie de novidades co obxectivo de acomodarnos ao contexto real que temos en Galicia ao respecto das ONGD e os países de actuación. Sinala que hai dous tipos de ONGD con presenza en Galicia. Por unha banda, ONGD con carácter estatal, con orzamentos elevados e con persoal laboral. Por outra banda, ONGD propiamente galegas, que adoitan ter menos capacidade económico, menos persoal laboral ou ningún, pero si participación do voluntariado.

Por tanto, hai dúas modalidades para poder presentarse á convocatoria por parte das ONGD, para, deste xeito, abrir unha oportunidade á participación das ONGD “pequenas” que non teñen capacidade técnica para acceder ás diferentes subvencións por falta de persoal ou capacidade técnica.

As bases da convocatoria foron consensuadas coa Coordinadora Galega de ONGD, previo proceso de consulta. Todas as alegacións recibidas pola Coordinadora foron incorporadas na medida das posibilidades.

A convocatoria estará dotada de 100.000€. A súa apertura terá lugar no mes de abril e durará un mes para que as ONGD presenten os seus proxectos.

Tras a presentación, danse por aprobadas as bases da convocatoria por unanimidade.

Axúntanse as bases da convocatoria.

7. Presentación do programa “Apoio ao Desenvolvemento Económico Local no municipio do Tarrafal (Cabo Verde)”, a cargo do seu alcalde, D. José dos Reis Varela.

José dos Reis fai unha presentación a través do power point sobre o proxecto que se está impulsando no seu municipio co apoio do Fondo Galego grazas á financiación da Axencia Española de Cooperación Internacional ao desenvolvemento (AECID). Presenta imaxes de contexto e da evolución do proxecto ata a data.

Así mesmo, indícase que durante toda esta semana tanto o alcalde do Tarrafal como o concelleiro Orinaldo Chantre están de visita en Galicia para coñecer iniciativas de desenvolvemento no sector primario.

8. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión cando son as 12: 30h.

Juan González
Presidente

María Muíño
Secretaria